

UNIDADE DIDÁCTICA

HOMENAXE A CARVALHO CALERO
(LETRAS GALEGAS 2020)

As pitas baixo a choiva

ILUSTRACIÓN : ALBERTO TOVAL



ee edicións embora
www.edicionsembora.es

Proxecto da CNLCA de Ferrolterra
– Carvalho Calero 2020

Coordenaron:

Xosé Manuel Pazo Blanco /Xil López Sánchez

Autores

Miguel García Valencia / Marina Valencia / Xosé
Manuel Pazo Blanco

Arranxos musicais:

Xil López Sánchez

Letra das cancións:

Pepablo Patinho Penya


Corrección Lca:

Melba Couto Pedreira

Agradecementos:

Victoria Carballo-Calero Ramos, Luis Corral Cal,
Xosé M^a Dobarro, Bernardo Máiz , M^a Xosé Martínez
Bengoa, , Eduardo Mera, Fernando Torreiro.





As pitas baixo a choiva

O mundo non cabe polos ollos dos nenos de 3 a 12 anos, por iso este proxecto se presenta como algo próximo, familiar e seguro que axude aos pequenos a descubri-lo como unha conquista persoal.

Queremos educar os nenos cos 3 cs: capacidades, competencias, corazón. Dous son os eixos que articulan este proxecto: unha breve biografía de Ricardo Carvalho Calero e o conto “As pitas baixo a choiva”. Partiremos, xa que logo, deles para desenvolver a estrutura:

- **Que sabemos** (fase inicial onde os nenos fan achegas antes de adquiriren coñecementos)
- **Que queremos saber** (remuíño de preguntas que tentaremos solucionar cunha diversidade de actividades)
- **Que aprendemos** (achegas dos alumnos, ao finalizar o proxecto, que se recollen nun dossier).

Propoñémosche realizar, antes da lectura do conto, este percorrido:

1 Un remuíño de ideas con preguntas previas que vaian dando pistas sobre o que van atopar no conto.

- ✎ Que sabedes dos galos e das galiñas? Como se alimentan? Cal é a súa morfoloxía? Por que son impermeables as súas plumas? (Pódese ofrecer neste momento un folio a cada alumno para que realice o debuxo do galo e da galiña, de xeito que poidan comparalo co que fagan ao rematar o proxecto.)
- ✎ Que experiencia lembrades que vos teña acontecido relacionada con algún animal?
- ✎ Algunha vez os vossos pais ou nais, avoas ou avós téñenvos contado algo que lles ocorrese a eles sendo nenos ou nenas?

2 Lectura do conto pola mestra ou mestre

- ✎ Potenciar a palabra coa expresión corporal e mímica.
- ✎ Xogar coa modulación de voz e a entoación introducindo silencios significativos. Podemos imitar as onomatopeas que se citan no conto, para os niveis dos máis pequenos.

Unha vida non colle nas viñetas para a que foron creadas. Pero vouno intentar:

Lendo é como máis se aprende e comprendín que o galego e o portugués son moi parecidos. Tamén descubrín que teñen a mesma orixe. Quixen que ti soubeses isto.

Fíxenme vello, pero non me cansaba de investigar e os premios non paraban de chegar. Nomeáronme fillo predilecto de Ferrol.

Anos despois, dirixín o Colexio Fingoi en Lugo e, cando puider, fun profesor nun instituto de Compostela. Máis tarde, dicían que sabía moito, quixéronme na Universidade para ensinar a nosa lingua.

Neses anos o galego non estaba moi estudado e chamábanme de todas partes para saber máis del. Fun o primeiro catedrático da nosa lingua e escribín as regras para que vós a poidades aprender na escola. Traballei moitísimo. Dei conferencias por Europa e América. Escribín moitos libros e até entrei na Real Academia Galega, aínda que renunciei.

Chámome Ricardo Carvalho Calero. As biografías contan que nacín en Ferrol aló polo 1910. Non menten. Crieime en Ferrol Vello, a zona máis antiga da cidade. Por desgraza, miña nai morreu cando eu era pequeno. Medrei co meu pai e os meus irmáns.

Dende moi pequeno andaba sempre entre libros, cines e teatros. Con quince anos escribía poemas e aos dezaseis empecei unha carreira. Comecei traballando no concello de Ferrol e rematei con dúas carreiras e un doutoramento.

Nos anos trinta participei na fundación do Partido Galeguista con Castelao e outros amigos e comezamos a elaborar o Estatuto de Autonomía de Galiza. Con todo, tiveron tempo de casar con María Ignacia, coa que tiveron dúas fillas: Margarida e Victoria.

No 1936, estando examinándome en Madrid, comezou a Guerra. Uníme ao exército para protexer a democracia, a República e o noso autogoberno. Loitei en defensa da miña liberdade e tamén da túa. Por culpa diso condenáronme a doce anos e un día de prisión, pero por bo comportamento estiveron dous anos no cárcere en Jaén, onde pasei medo e calor.



“...eu nascín no Ferrol Vello. O Ferrol Vello é o mais antigo, un barrio de pescadores, primitivamente, que non era outra cousa que unha vila mariñeira semellante ás da ría, enfrente do Ferrol de hoxe, por exemplo Mugardos.”



Esta é a casa natal de Carvalho Calero en Ferrol. Completa a súa restauración ao teu gusto





“En realidade, a casa en que nascín... é unha casa que dá tanto á rúa de San Francisco como á Praza Vella...Eu nascín no primeiro piso pola parte da Praza Vella...o número 51, e máis adiante vivin fronte desa casa, no piso terceiro do número 56, que pola parte de atrás daba ao que chamávamos entón O Campiño... Vivin aínda noutra casa desa rúa, o número 40, que por certo foi destruída por un incendio cando eu xa non vivía nela senon no centro, pero moi próximo a Ferrol Vello, na Calle Real... no número 183, no piso terceiro, e creio recordar que tamén no primeiro desa casa”

Rubalcaba, 40 - 1º.

Domicilio cando casou con María Ignacia Ramos.

“Ti apareciches. Cada surrisa túa era unha felicidade”.

Carlos III, 6 - 1º. Domicilio despois de retornar en liberdade en 1941

“Em Esteiro o estaleiro,
em Esteiro as boas moças,
botam-se ao mar os
cruzeiros,
á rua as nenas graciosas”.



Completa indicando as rúas nas que viviu Carvalho Calero en Ferrol


⇒ Rúa San Francisco




Teatro Jofre

Se cadra, nunca antes estivemos nun teatro, mais, con que nos imos atopar alí? Poida que esta pequena guía che ofrezca información de interese. Verás...

- **O Texto teatral** é a obra que se vai representar.
- **O escenario** é o espazo físico no que se vai representar o texto teatral.
- **A escenografía** ocúpase do aspecto que vai presentar o escenario, do carácter e da distribución dos obxectos.. A saber:
 - a) Deseño do escenario:** sería o decorado ou decorados que van aparecendo.
 - b) A luz:** tipos de focos e intensidade de luz que ofrecen en cada momento da representación. Tamén contemplamos a transición entre un tipo de iluminación e outros.
 - c) Vestiario:** as prendas que van utilizar as actrices e actores.
 - d) Outros:** maquillaxe, perruquería, efectos especiais...
- **Deseño sonoro:** voces en off, música, rúidos...
- **Elenco:** actores e actrices que desenvolven o texto teatral.
- **Actuación:** Características que cada personaxe dá á voz, mímica, movemento escénico...
- **Coreografía:** Ocúpase da posición e movemento dos personaxes.
- **Dirección:** recae sobre a persoa encargada de poñer en marcha a representación do texto teatral.
- **Público:** ao que vai dirixida a representación.
- **Contexto:** Situar o texto que se representa nunha época e nun lugar. Neste caso, o contexto biográfico de Ricardo Carvalho Calero. Unha experiencia vital que tivo sendo un neno




“É verdade que eu asistín desde mui neno a sesións de teatro, e tamén de cine, que se celebraban en Ferrol (...)”



Colorea no plano de Ferrol o traxecto que tiña que facer Carvalho Calero para, desde a súa casa, chegar ao teatro.



Identifica as partes do teatro que se indicam: patio de butacas, foxo da orquestra, pano, tremoia, palco, escenario.





“Lembro que o Ferrol dos meus anos infantís era un Ferrol povoado de ingleses. Havía moitos ingleses, porque a sociedade Española de Construción Naval necesitava técnicos ingleses que ensinasen aos obreiros e aos enxeñeiros españois a técnica das construcións navais...”



Con que país estivo moi vencellada a cidade de Ferrol?



A que se debe ese vencello segundo Carvalho Calero?



**Localiza
neste mapa
o país ao
que se refire
Carvalho
Calero.
Coloréao e
úneo con
Galiza**



“ O poema A Galicia / Cántiga “... datado en Ferrol, a 18 de decembro de 1925, é o máis antigo que lle coñezo” (X.M. Dobarro)



A que idade comezou a escribir poemas o autor?

☐ 8 anos

☐ 16 anos

☐ 15 anos

☐ 20 anos




Carvalho, as súas irmás Josefina e Lolita, o seu irmán Gabriel e o seu pai

“... e como non había instituto xeral e técnico ... en Ferrol, tiña que trasladar-me á Coruña. Entón collía o tren, acompañado do meu pai, e ia aprendendo de memoria, por distraerme, os nomes das estazóns de ferrocarril: Ferrol, Neda, Perlio, Barallobre, Franza, Cabanas, Pontedeume, Perbes, Miño, Paderne, Betanzos... Chegávamos a Betanzos-norte e logo tínhamos que retroceder un pouco para tomar a dirección da Coruña.”



Localiza no mapa os lugares nos que paraba o tren no que se desprazaba Carvalho Calero para examinarse






A Cabana. 19?

“ Riqueza é ter casa
própria para viver e chalé
na Cabana para veranear”

 **Indica a que localidades nas que veraneaba corresponden os puntos sinalados no mapa: (A Cabana, Serantes, Redes). Sinala, tamén, o nome das rías.**





“Hai que lembrar que algúns de nós, polo menos eu, participamos tamén na elaboración do Estatuto definitivo...”



INVESTIGA:



Cando se votou o Estatuto de Autonomía de 1936?

___ / ___ / 1936




Cando se votou o actual Estatuto de Autonomía?

___ / ___ / 19___



Colorea no mapa mudo de Andalucía a provincia onde Calero estivo preso e pon o seu topónimo



Carvalho Calero, durante a guerra, foi tenente do exército republicano.

“Todos os homes da miña idade fomos, efectivamente, marcados con maior ou menor profundidade polos acontecementos da Guerra Civil.”



**SITÚA NO MAPA DE GALICIA:****A cidade onde se examinaba de bacharelato**


“Lembro mui ben, que cando por primeira vez fun á Coruña, para examinarme de bacharelato supendeu-me muito non atopar ingleses”.

**A cidade onde impartiu aulas**

1950–1965. “Felices días de Fingoy”
“Don Ricardo foi nomeado en 1951
“consejero-delegado del Patronato”
con función de director e profesor do
colexio Fingoy en Lugo “

**A cidade na que está a universidade na que foi catedrático**

“No ano 1965 “re-gañou” as
oposicións a profesor de instituto
e... ocupou interinamente a primeira
praza docente de Lingüística e
Literatura Galegas da Universidade
de Santiago de Compostela, da que
obtivo a cátedra en 1972”






⇒ 1

⇒ 2

⇒ 3

Velaí algunhas das portadas das numerosas publicacións de Ricardo Carvalho Calero



AS PITAS BAIXO A CHOIVA

Vocabulario

Adugar: v. Conducir. Levar.
Recoller, gardar

Alampar: v. Producírense
relampos.

Apouvirar: v. Facer que
diminúa a intensidade coa que
se manifesta algo. Acalmar.
Sosegar. Tranquilizar

Arquimandrita: s.m. Superior
dun mosteiro oriental. Superior
de certos mosteiros na igrexa
grega.

Azas: s.f. Ala. Cada un dos
membros do corpo das aves
dos insectos e dalgúns outros
animais que lles serven para
voar.

Bago: s.m. Báculo. Bastón
longo co extremo superior
curvo, en forma de voluta, que,
nas celebracións solemnes,
representa a dignidade dun
bispo ou dun arcebispo

Bouta: s.f. Fariña que se pega ás
pedras do muíño .

Cabuxa: s.f. Cría da cabra cando
xa deixou de mamar.

Chafarís: s.m. Fonte cun ou máis
pichos por onde sae a auga a
chorro.

Corredoira : s.f. Camiño de
carro

Curro: s.m. Curral, xeralmente de
pequenas dimensións.

Fonxe : adx. Brando , mol

Grea: s.f. Manada, rebaño de
gado miúdo.

Idumeo: adx. e s. Pertencente ou
relativo á Idumeia, antiga rexión
da Palestina, no Oriente Medio
ao sudeste do mar Morto.
Individuo natural da Idumeia

Lanzal: adx. Alto e esbelto como
unha lanza

Mor: adx. Maior

Pandear: v. Tornarse curvo.
Torcerse por causa do peso, da
idade...

Pegureiro: s.m. Persoa que
coida o gando.

Raquena: adx. Pequena

Roibéns: s.f. Nubes de cor
vermella que hai ao abrir o
día ou ao atardecer cando as
ilumina o sol.

Siriaco : adx e s. Pertencente ou
relativo aos sirios. Lingua que
falan os sirios

Velar: v. Tornar escuro. Escurecer






As pitas baixo a choiva é un relato breve que narra un feito anecdótico da infancia do autor. O neno descobre, desde a fiestra da casa, que as pitas estanse a mollar e téntaas facer entrar no galiñeiro. Elas asústanse e, ao final, todos os membros da familia acaban mollados como pitos.



RESPONDE ORALMENTE:

-  **Que personaxes interveñen no conto ?**
-  **Onde pasaba o verán o neno?**
-  **De que se alimentaban as galiñas?**
-  **Como procuraban o alimento?**
-  **Que miraba o neno dende a xanela?**
-  **Que fixo cando empezou a chover?**
-  **Que día da semana o visitaba o pai ?**
-  **Que quere dicir: ...“Tiñamos unha cabuxa ... que ía atrás de nós, como un cadelino...”?**
-  **Onde pasaba moito tempo o neno ?**
-  **En que cavilaba o neno ?**
-  **Como lle axudaron os seus familiares?**
-  **Que lle pasou á avoa?**
-  **Como remataron todos?**
-  **Quen escribiu este relato?**
-  **Que sabes do autor?**

 Realiza un debuxo co tema do conto





“Cando eu era un cativo, outros galos nos cantaban ... Eran unhas aves ergueitas, lanzás, maxestosas. Cristas bermellas...feros peteiros, ollos acesos, colo tornasolado...podentes azas, esporas douradas; e a cola un chafarís de lumes e de sombras con aquelas longas prumas , corvas como caxatos, como bágoos de pegureiros de bispos orientás”



 **Anota de forma ordenada as características dos galos que describe o protagonista:**

☐ 1, Aves ergueitas, lanzás, maxestosas

☐ 2,

☐ 3.

☐ 4.

 **Describe este “bispo oriental”.**



DESCRIPCIÓN:

DESCRIBIR É CONTAR DE FORMA ORDENADA E DETALLADA COMO É UNHA PERSOA, UN ANIMAL, UN LUGAR, UN OBXECTO...

? Adiviña:

Cando chega a mañá
eu saio saudar
co meu canto dígolles a todos
que xa poden espertar _____

Aquí tes unha pequena lista de refráns, coméntaos coa axuda da profesora:

- ⇒ Outro galo cantaría
- ⇒ Nunca chegas ao poleiro
- ⇒ Andoriña que alta voa non teme que chova.
- ⇒ Entre marzo e abril o cuco ha de vir.
- ⇒ Marzo, marzolo, trebón e raiolo
- ⇒ Aire travesío, troita no río



INVESTIGA

- ⇒ Preguntádelles aos vosos familiares por refráns. Anótadeos nunha ficha. Logo, comentádeos na aula

 **INVESTIGA:**

- ⇒ Na túa localidade hai algún chafaríz? Se houber, indica os datos de onde se localiza.

CHAFARIZ:S. M. FONTE PÚBLICA CON
VARIAS SAÍDAS DE AUGA.**Debuxa un chafaríz**



E agora cantamos: Galo Chafarís



Son un galo Chafarís,
teño tres plumas cor rubís
lume e sombra arde en min,
Chafarís Chafarís.
Son un galo Chafarís.

Teño algo de militar,
e un pouco pontifical.
Son un galo Chafarís,
Chafarís, Chafarís,
xa podes bulir de aquí.

Son un príncipe idumeu,
arquimandrita siriaco,
levo lóstregos nas ás,
de solpores armado.

Nin raposo, nin xineta
e tampouco a garduña
atrévase cando ven,
toda a miña envergadura.

Se me tomas por un parvo,
e queres probar meu tacto,
cravareiche este espolón
debaixo do teu sobaco.




Musical notation for the song "Galo Chafarís". The first line shows the melody for the first two lines of the song. The second line shows the melody for the next two lines, with a measure rest at the beginning. Chords are indicated above the notes: Dm, G, E, and Am.

Son un ga - lo Cha - fa - rís, te - ño tres plu - mas cor ru - bís.

lu - mee som - braar den en min. Cha - fa - rís Cha - fa - rís Son un ga - lo Cha - fa - rís

 **Escrebe o nome das partes sinaladas no galo**





“Capitáns
de Frandes,
príncipes idumeos,
arquimandritas
siríacos...”

TOPÓNIMO:

NOME DUN LUGAR

XENTILICIO:

É O ADJECTIVO QUE NOS
INDICA A PROCEDENCIA DE
ALGUÉN

TOPONIMIA:

É A PARTE DA LÍNGUA QUE
ESTUDA OS TOPÓNIMOS





Relaciona o xentilicio co seu topónimo (todos están relacionados coa comarca onde naceu Carvalho Calero).

- | | |
|----------------------|-------------------------------------|
| A Aresán | ☐ Ortigueira |
| B Cabanesa | ☐ Cedeira |
| C Capelao | ☐ Ferrol |
| D Cariñesa | ☐ A Capela |
| E Cedeirés | ☐ Mugardos |
| F Cerdidesa | ☐ Ares |
| G Fenesa | ☐ Pontedeume |
| H Ferrolá | ☐ Neda |
| I Naronés | ☐ Cariño |
| L Mugardés | ☐ Narón |
| M Nedesa | ☐ Cerdido |
| N Ortigueirés | ☐ Fene |
| Ñ Eumesa | ☐ Cabanas |

**Relaciona o topónimo co seu xentilicio**

- | | |
|-------------------|--------------------------------------|
| A Melide | ☐ Baltaresa |
| B Cangas | ☐ Focega |
| C Ferrol | ☐ Canguesa |
| D Baltar | ☐ Allaricense |
| E Becerreá | ☐ Melidas |
| F Foz | ☐ Becerreño |
| G Allariz | ☐ Ferrolán |

**Situa os concellos sinalados neste mapa de Galiza**



Completa:

	Principia	Finaliza
Primavera		
Verán		
Outono		
Inverno		

Completa:

a) O solsticio de verán é o 21 de xuño, cando

a noite é

o día é

b) O solsticio de inverno é o 22 de decembro, cando

a noite é

o día é


Relaciona:

Solsticio de verán •

Equinoccio
de primavera •

- Comeza a primavera
- Comeza o verán
- A noite e o día teñen a mesma duración
- A noite é a máis curta do ano

Une cunha frecha os debuxos cos cadros das estacións á que pertencen (usa unha cor distinta para cada estación). Logo remata de colorealos.



“ O meu pai viña os sábados... “



 **Nalgúns lugares de Galiza aínda se segue utilizando a forma galego-portuguesa para denominar os días da semana:**

Segunda-feira, Terça-feira, quarta-feira, quinta-feira, sexta-feira, sábado, domingo

LUNS	MARTES	MÉR.	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMIN.
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

SF	TF	QF	QF	SF	SÁBADO	DOMIN.
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

⇒ Hoxe é segunda-feira

 **Relaciona:**

Luns

Cuarta feira

Martes

Quinta feira

Mércores

Sábado

Xoves

Terza/terceira feira

Venres

Segunda feira

Sábado

Domingo

Domingo

Sexta feira



“Merendábamos tostadas de pan con manteiga e zucre...”



Une con frechas:

Almorzo

Pola noite

Parva

A media mañá

Xantar

Pola tarde


Merenda

Horas centrais do día (13/15 h)

Cea

Pola mañá

⇒ Que tal se nos animamos a enredármolos na cociña?



Con mandil e un gorro branco
vou poñerme a cociñar
un biscoito rico e doce
co que poder lambetar
Das galiñas sete ovos
e da horta grans de millo
cos que farei a fariña
e un biscoito rico, rico


(M^a Xosé Martínez Bengoa)



INVESTIGA

⇒ Elabora unha sinxela receita, coa axuda dos teus pais ou avós, na que aparezan como ingredientes principais dous alimentos citados no conto: os ovos e o millo. Nin que dicir ten que podes engadir calquera outro ingrediente que che apeteza. Escribe a túa receita e... pon as mans na masa!!

 **Colorea o debuxo. Escribe dentro do pergamiño o teu menú preferido ou fai un debuxo del.**





“Tiñamos unha cabuxa tan garimosa que saía connosco e ía tras de nós, como un cadelíño, polas corredeiras”



Escrebe unha listaxe dos animais que aparecen no conto. Despois clasifícaos en vertebrados/invertebrados

.....

.....

.....

.....

.....

⇒ Vertebrados

⇒ Invertebrados



Sopa de letras. Busca 8 animais

V	A	N	G	A	D
P	I	T	A	R	G
C	A	N	I	L	O
A	A	G	V	O	T
B	P	O	O	I	I
U	O	S	T	G	Ñ
X	S	O	A	R	A
A	O	P	A	I	G
R	A	A	A	L	U
C	I	R	D	O	I
M	I	Ñ	O	C	A





FOTO: José Ángel Fernández Díaz

CORREDOIRA:
S.F. CAMIÑO DE CARRO

@ INVESTIGA:

- ➡ Investigade se na vosa localidade, na casa dun veciño, nun museo ... aínda hai algún carro. Tirádelle fotografías. No caso de que non houber, procurade información na rede. Finalmente facede un mural con toda a información.

@ INVESTIGA:

- ➡ Movémonos pola rede: Busca información sobre o poeta Manuel María e o grupo musical Fuxan Os Ventos. Copia o poema "O carro". EN GRUPO: Escoitade a versión musical do devandito poema.



 Enumera as diferenzas que hai entre unha cabuxa e un can




⇒ Cabuxa



⇒ Can

 Localiza no debuxo as partes do ovo que se indican: casca, clara ou albume e a xema

1.
2.
3.



“Recollía os ovos
que anunciaban
co seu alporizado
cacarexar”

INVESTIGA:

- ⇒ Como podemos saber se un ovo está en condicións para ser consumido?
- ⇒ Cal é o problema sanitario máis grave dun ovo en mal estado?
- ⇒ Que nome recibe a industria que se dedica á cría de galiñas e ao aproveitamento dos seus ovos?
- ⇒ En que vitaminas son ricos os ovos?

CACAREXAR:

V. CANTAR A GALIÑA DESPOIS
DE PÓR O OVO OU OUTRAS
AVES QUE IMITAN ESE CANTO.



**Completa coa súa
correspondente onomatopea
(palabra que se forma
imitando sons reais):**

ONOMATOPEA:

PALABRA QUE SE FORMA IMITANDO
SONS REAIS

Animal	Onomatopea
Galo	Quiquiriquí
Grilo	Cricrí
Gato	
Rá	
Cuco	
Can	
Vaca	

? Adiviña

Son branco coma o papel


E fráxil coma o cristal.

Todos me poden abrir

Ninguén me pode pechar _____


 Segue o camiño que sinalan os ovos

⇒ Fai grupos de 4 e coloréaos como che guste








 Repasa este ovo e decora as emocións





Repasa os puntos deste debuxo e colorea



SINÓNIMOS:
SON PALABRAS QUE SIGNIFICAN
O MESMO OU MOI PARECIDO

“Era unha choiva de vran,
torrencial, esmagadora”

 **Busca cinco sinónimos**

A	D	A	C	S	A	V	U	H	C
S	D	A	A	Q	I	O	A	S	A
A	A	X	D	L	X	D	U	N	D
D	L	D	X	A	A	Ñ	X	B	A
E	P	O	L	I	O	D	E	F	O
M	E	L	O	T	E	B	V	P	B
L	X	R	E	F	U	A	E	L	R
Ñ	R	C	U	D	C	U	L	R	O
A	P	S	I	N	Ó	B	R	O	T

TREBÓN:

CHUVIA INTENSA E SÚBITA
QUE PODE IR ACOMPAÑADA
DE VENTO E QUE ADOITA TER
POUCA DURACIÓN.

SARABIA:

S.F. CHUVIA CONXELADA QUE
CAE EN FORMA DE GRANS
MÁIS OU MENOS GRANDES.

S	É	R	E	D	P	L	A	S	P
A	A	N	V	R	E	Ñ	U	G	O
F	X	B	A	T	D	U	L	I	G
L	Z	A	N	E	R	N	M	F	R
E	S	C	A	R	A	B	A	N	A
E	E	Z	A	Z	Z	L	P	A	I
R	E	F	E	C	O	V	B	R	N
T	G	R	P	Z	X	Q	A	E	Z
S	A	R	A	G	A	N	A	Z	O

M	O	P	S	D	E	O	G	N	O
R	O	Q	G	V	O	L	L	M	L
Z	A	R	Z	A	L	L	O	V	L
T	Z	G	R	C	C	A	I	C	A
I	A	T	Q	I	E	R	O	Ñ	O
R	I	Z	V	A	Ñ	R	V	Z	R
V	V	I	F	T	E	A	Z	N	F
C	I	B	C	O	A	B	D	T	Q
O	C	H	U	V	I	S	C	A	T

ORBALLO:

CHUVIA MIÚDA.



E agora cantamos: As pitas baixo a choiva



Se cae un chaparrón
eu canto con amor.
Se é unha chuvascada
eu bailo baixo a auga
mollando pés e cara,
saltando até na lama.
Se chove eu bailo baixo a auga.

Sorrío cando orballa
ou mesmo marmaña.
A terra empapada,
os ríos cheos baixan.
Lembro a miña casa,
o meu país é de auga.
Se chove que chova sen parar.

Zorrallo ou borrarlo,
trebón ou escarabana,
sarabia ou pedrazo,
escampa cando para.
Brétema ou fuscallo,
néboa ou froallo.
Eu lembro, se chove, o meu fogar.

As pitas baixo a choiva
queren xogar fóra.
Non as metas dentro,
déixaas un momento.
Ricardo estén quieto,
desfruta do elemento.
As pitas baixo a choiva queren estar.

Swing! $\text{♩} = \text{♩}^3$

co co

6 co co co co co co co Se cae un cha-pa-rrón eu can - to con a - mor Se

14 éun - ha chu - vas - ca - da eu bai - lo bai - xoa au - ga mo - llan - do pés e

19 ca - ra sal - tan - doa - té na la - ma. Se cho - ve eu bai - lo bai - xoa au - ga.



Aquí tes unha pequena lista de refráns, coméntaos coa axuda da profesora:

- ⇒ Cando canta o cuco, tan pronto mollado como enxoiro
- ⇒ Polo Santiago cegoñas e polos a xeirar polos agros.
- ⇒ Roibéns polo mar, sae a dama a sollar/roibéns por Vilalba, trebón e auga
- ⇒ Ovelliñas a voar, ou chover ou ventar
- ⇒ Néboa no Mondigo, vai buscando abrigo

O CICLO DA AUGA

 Pon o nome de cada fase do ciclo en cada frecha. Colorea o debuxo



“Unha ráfaga de vento, de sócato,
conmoveu o ar. E unha nube mouroa
esbarrou pol-o ceo. Laiáronse as árbores
docemente e axiña veóuse o sol.”



“Laiáronse
as árbores
docemente”.

PERSONIFICACIÓN:

CONSISTE EN ATRIBUÍR CALIDADES PROPIAS
DAS PERSOAS A ANIMAIS, PLANTAS, OBJECTOS,
IDEAS...



Procura no conto outros exemplos. Esríbeos nos cadros



Agora escribe un exemplo teu:

?ADIVIÑA

Dun ovo branco e fermoso,

Unha mañá nacín

E á calor dunha galiña

Cos meus irmáns crecín _____



“E saín ao curro
atafegado, pra
adugar a grea a
teito”

GREÁ:

S. F. CONXUNTO DE
ANIMAIS QUE VIVEN
XUNTOS.

B	A	N	D	A	D	A
F	A	I	E	U	G	B
M	R	T	A	C	E	U
C	A	R	D	E	M	E
X	B	A	R	N	R	O
M	A	N	E	X	A	R
A	Ñ	U	C	A	R	O
N	O	R	U	M	A	C
A	A	B	A	E	Ñ	U
C	A	R	D	U	M	E
R	M	A	N	D	A	A

SUBSTANTIVOS COLECTIVOS:

SON AQUELES QUE EN SINGULAR
DESIGNAN UN CONXUNTO DE
UNIDADES

“Axiña sempre estiveron no curro a miña
nai, as criadas, o meu pai, a miña tía, todos
os paraugas da casa. Corría eu tras as pitas.
Corrían os paraugas detrás miña”

“Malia os paraugas, estabamos todos
mollados como pitos.”



Relaciona o substantivo individual co seu colectivo

- | | |
|-----------------|----------------------------------|
| A Peixe | ☐ Exame |
| B Abella | ☐ Rebaño |
| C Paxaro | ☐ Cardume |
| D Ovella | ☐ Bandada |

SUBSTANTIVOS INDIVIDUAIS:

SON AQUELES QUE EN SINGULAR
DESIGNAN UNHA UNIDADE



E agora cantamos e tocamos: No país de Erika

No país de Erika os pitos dormen
baixo as augas
dun lindo río dourado como o sol
e as cegoñas movendo as súas asas
co seu peteiro cólleenos para nós
no país de Erika é doce esa espera
poñen para elas azucre en torróns

LUDIVINA.- Non... non Tereija. Os
pitos non están no río... os pitos están
dentro dos ovos... os puchos nas
barrigas das vacas... os cachorriños
nas cadelas... Os bebés nas barrigas
das nais...

TEREIJA.- Que trapallada!! iso son
contos para meter medo!! Os bebés
nas barrigas!! Escoita:

Pola noite deixo na miña fiestra
dous torróns se quero un varón
pero se quero, Ludivina, unha pita
son tres torróns, non poño nunca
dous.

E a cegoña traerá esa marabilla;
unha poliña será o meu amor!!

LUDIVINA.- Que non, Tereija... que
iso non vai así, o de poliño ou poliña é
polos cromosomas

TEREIJA.- Cromosomas? Pero ti que
dis?!

LUDIVINA.- Si muller, temos
cromosomas, y ou x e dependendo da
combinación sae unha cocorocó ou
un kikirikí...

TEREIJA.- Non entendo nada...

LUDIVINA.- Escoita:

Os pitiños non veñen en cegoñas,
nin das flores, nin veñen de París.
están nos ovos cada vez máis
apertados,
co teu calor medran para saír.
Se son dous x, será unha pitiña,
y e x, pitiño será ao fin.
O país de Erika é unha fantasía,
pero é lindo soñar e imaxinar.
Xa sexa un polo ou unha poliña,
hai que quereiros sempre por igual.
Se son dous x, será unha pitiña,
y e x, pitiño será ao fin.





No país deE - ri - kaos pi - tos dor - men bai - xoa au - ga dun lin - do rí - o dou - ra - do co - moo Sol.
as ce - go - ñas mo - ven - do as sú - as á - sás co seu pe - tei - ro co - lle - nos pa - ra nós.



No país deE - ri - kaé do - ce e - saes - pe - ra, po - ñen pra e - las a - zu - creen to - rróns.



 **Mete nunha maleta das emocións algún feito do conto que rexeites, e na outra, algún feito que che agrade**





Colorea






 **Debuxa a carón de cada imaxe do conto, a emoción que lle causa ao neno**






Escrebe o que sabes e o que che gostaria saber do tema





 **Escolle o camiño axeitado e pintao de azul**





Axúdalle á galiña a atopar o seu pitiño





Xogamos:

O XOGO DA PITA CEGA

Recuperamos un xogo tradicional para que o practiqueades no patio do cole. Velaí vai!
Os xogadores e xogadoras sitúanse en corro. A un deles, no centro do mesmo, tápanselle os ollos cun pano. O resto de xogadores van dándolle voltas facéndolle xirar sobre si mesmo para desorientalo. Mentres cantan:

- ➡ - *Pita cega que perdiches?*
- ➡ - *Unha agulla e un dedal*
- ➡ - *Pois dá tres voltas e os atoparás*

Unha vez cantado isto, o xogador/a que fai de pita cega, ás apalpadelas, intentará bater con alguén e pillalo. Quen resulte pillado pasará a ser a pita cega no centro do corro.

XOGO DAS CADEIRAS

Colócanse cadeiras formando un círculo, de xeito que teñamos sempre unha menos que o número de rapaces.

Poñeremos unha das cancións traballadas no conto, e nese momento, os nenos comezarán a xirar arredor das cadeiras. Cada vez que a música pare de súpeto, os nenos sentarán nas cadeiras, quedando eliminado o que non tiver onde sentar.

Isto repetirase até que só quede un xogador, que será o gañador.

O FOLIO XIRATORIO

A partir do conto As pitas baixo a choiva, o mestre ou mestra, despois de formar equipos, asignaralles cadansúa tarefa: unha listaxe de palabras, unha frase que resuma a idea fundamental do texto ... Un membro dun dos equipos escribirá ou debuxará a súa achega nun folio "xiratorio". A continuación, pasarallo á compañeira situada ao seu carón seguindo a dirección das agullas do reloxo para que aporte a súa achega e así sucesivamente até que todos os membros do equipo teñan participado na resolución da tarefa.



Bibliografía:

Carvalho Calero, R. *Scórpio*. Edicións Sotelo Blanco, 1987

Fernán Vello, M.A/ Pillado Mayor, F. *Conversas en Compostela con Carballo Calero*. Edicións Sotelo Blanco, 1986

Goleman, D. (2009), *Inteligencia emocional infantil y juvenil*, Aguilar. Madrid.

Pujolás Maset, P. (2008), *9 ideas clave: el aprendizaje cooperativo*, Editorial Grao, Barcelona.

Romera, M. (2017), *La familia, la primera escuela de las emociones*, Editorial Destino, Barcelona

VV.AA. *Hei de entrar no meu povo: Reivindicarmos Carvalho Calero*. Máiz Vázquez, B , “Carvalho Calero e a política,(1926-1990): 25-64. Dobarro Paz, X.M. “ Carvalho Calero. Lingüista por mor dunha causa”: 65-103. Edicións Embora,2019.

Recursos web:

- O rock do galiñeiro (Goma2) <https://www.youtube.com/watch?v=2XZ3mJi4BnE>
- O galo canta <https://www.youtube.com/watch?v=1Qf4CvxI15g> /<https://www.youtube.com/watch?v=u5sn-DOLj1o> / <https://www.youtube.com/watch?v=GmTr3oMQd7w>
- O carro (Fuxan Os ventos) <https://www.youtube.com/watch?v=v4trbBIeySY>



ee ediciones embora
www.edicionsembora.es